

## ACTIVIDADES DE REFORZO PARA 1º E 2º DE EP


O **LUNS** faremos unha actividade práctica e manipulativa que a facemos moitas veces na aula e que agorapode desfacela na casa coa vosa propia bandexa sensorial. Necesitamos unha bandexa (de cociña, caixa de zapatos) e arena que podemos substituír por sal, arroz, lentellas. Así traballaremos o trazo.



Unha vez teñamos a bandexa sensorial debuxaremos en cada folio diferentes trazos, así:



Outros trazos que poderemos proponer poden ser estes:



A actividade se levará a cabo do seguinte xeito:

1. Preséntase o folio co trazo e o neno ou a nena seguirá, co dedo, o percorrido marcado polo propio trazo no mesmo folio.
2. Unha vez teña identificado o trazo no folio o imitará na bandexa sensorial.

Ademáis de trazos tamén podemos traballar as letras e sílabas que estábamos a ver na clase.

- m, l, p, s, t
- pa, pe, pi, po, pu
- la, le, li, lo, lu
- ma, me, mi, mo, mu
- sa, se, si, so, su

O **MARTES** imostraballar a enumeración.

Fixádevos no debuxo!

Despois de observalo ben responde:

Cantas cousas ves que comece pola letra “p”?

Cantas son de cor vermello?

E que cousas serven para xogar?



O **MÉRCORES** imostraballar a clasificación.

Imos pensar e, se podemos, escribir:

- Cousas que serven para vestirnos.
- Cousas que serven para facer un debuxo.
- Cousas que podemos comer de postre.

O **XOVES** imos xogar o vexovexo!

Observa este novodebuxo e comezamos:

- “Vexovexo”

- “Vexovexo”

- Que ves?

- Que ves?

- Unhacousiña que comezapola letra “m”.

- Unhacousiña que comezapola letra “s”



O **VENRES**imosxogarcosxogos educativos da web [www.cokitos.com](http://www.cokitos.com)